
ACTA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA do COEQGA 06/02/2010

Ás 18:35h na Aula de Proxectos da Escola Técnica Superior de Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela, en segunda convocatoria e coa asistencia dos colexiados membros que se relacionan no Anexo I declárase aberta a Asemblea Xeral Ordinaria (AXO) do Colexio Oficial de Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa).

Preside a AXO a Presidenta do COEQGa a Dra. Almudena Hospido Quintana, e actúa como secretario o Secretario do COEQGa o Dr. Jorge Rodríguez Rodríguez.

A Asemblea fora convocada mediante comunicación postal, correo electrónico e publicación na prensa, coa seguinte orde do día:

1. *Lectura e aprobación da Acta da Asemblea anterior.*
2. *Informes da Presidenta.*
3. *Aprobación do Orzamento para o ano 2010.*
4. *Turno aberto.*

1. *Lectura e aprobación da Acta da Asemblea anterior.*

Como primeiro punto da orde do día procédese a aprobación por asentimento das actas da Asemblea Xeral Ordinaria do COEQGa celebrada o 14 de marzo de 2009, non sendo necesaria a súa lectura ao non ser requirido por ningún dos asistentes e levar as actas a disposición de tódolos colexiados vía web varios meses.

2. *Informes da Presidenta.*

A Presidenta informa de actividades do ano 2009 incluíndo:

- A contratación dun servizo de asesoría xurídica do colexio cun despacho compostelán. Dentro deste contrato conseguíronse tamén condicións especiais para colexiados.
- A contratación polo colexio neste ano dunha póliza de seguro de responsabilidade civil.
- A posta a disposición dos libros de incidencias, seguridade e saúde en obras.
- Activación do servizo de visados . Neste punto a presidenta agradece especialmente a unidade técnica formada polos vocais Martín Chao e Jose Gómez, pola súa excelente labor no nome do colexio.
- Continuación da bolsa de emprego, en forma de boletíns semanais , cun total de 296 ofertas de emprego relevantes enviadas aos colexiados.
- Presentación de varias reclamacións así como un número de reunións mantidas en relación con convocatorias de emprego público escluínτες para os EQs,.
- Presentación de recurso contra a resolución de carné de instalador de gas.
- Nova edición de dípticos mellorados e actualizados acerca da EQ e o Colexio..
- Publicación de dous números da revista do COEQGa.
- Sinatura dunha serie de convenios con entidades de servizos diversas ofrecendo descontos o condicións especiais aos colexiados.
- Creación de lanzamento da nova páxina web do COEQGa.
- Solicitud dunha importante subvención para levar a cabo un estudo relacionado coa situación das mulleres e a EQ.

- Resposta a unha consulta ao Ministerio do Interior acerca do regulamento de explosivos.
- Funcionamento da Unidade Técnica do Colexio como órgano de consulta de cuestións técnicas que lle sexan plantexadas ao colexio.

A presidenta presentou a continuación actividades previstas para 2010.

- Prepararase un protocolo de traballo para mellorar a situación dos EQs na administración pública. O colexio buscará a creación dunha escala de EQs e mentres tanto buscaráse a integración dos EQs nas escalas creadas.
- Continuaranse a establecer convenios con entidades que ofrezan servizos de interese para os colexiados.
- Explorarase a posibilidade de organizar cursos de formación adaptados as necesidades dos colexiados.
- O colexio realizará os pasos necesarios para garantir un cumprimento escrupuloso da Lei de protección de datos con todas as garantías legais.
- Impulsarase o recoñecemento dos EQs para carnés de instaladores así como para a súa participación en peritaxes.
- Preparáse a adaptación dos estatutos do COEQGa á nova Lei "Omnibus".
- Elaborarase con axuda da asesoría xurídica contratada un código deontolóxico da profesión.

A presidenta presentou un resumo das colaboracións mantidas con persoas e organizacións, estas colaboracións incluíron:

- Participación activa coa CODDIQ, representación de colexios.
- Participación activa no XII Congreso Nacional EQ celebrado en Santiago en Outubro de 2009 (acto inaugural, mesa redonda, ...).
- Reunións regulares con outros colexios en particular a presidenta agradeceu expresamente o apoio recibido por outros colexios.
- Reclamacións conxuntas contra convocatorias de emprego público en comunidades autónomas sen colexio de EQ.
- A coorganización do XIII Congreso Nacional de EQ a celebrar en Madrid en Novembro de 2010. • Posta en marcha da Comisión Gestora, presidida polo COEQGa, para a *Creación del Consejo Nacional de Colegios de Ingenieros Químicos*.
- Resposta conxunta ao cuestionario de reservas de actividade e colexiación que o ministerio de economía e facenda circulou entre os colexios profesionais.

No Anexo II deste acta inclúese a presentación presentada pola Presidenta.

A continuación a Presidenta cedeu a palabra ao Secretario quen presentou con detalle a nova páxina web, tanto a estrutura, seccións, e contidos. Explicouse que a páxina esta baseada no xestor de contidos Drupal e que a plantilla de aspecto foi contratada a unha persoa externa. En resposta a unha pregunta dunha socia sobre como se xestiona o contido da web, o Secretario explicou que calqueira membro da XG ou a administrativa poder xerar contido e modificalo mediante as súas contas de usuario.

3. Aprobación do Orzamento para o ano 2010.

A Tesoureira toma o uso da palabra para presentar o presuposto e balance económico de 2009, resumo do cal se inclúe no Anexo III deste acta.

A Tesoureira indica que faltan moitas autorizacións de domiciliación bancarias e informa que ao parecer algúns colexiados están a ignorar as mesaxes de recordatorio como unha vía indirecta para darse de baixa sen comunicarse co colexio. Por estes problemas de retrasos nas domiciliacións as cuotas de 2010 non foron cobradas todavía e o serán nos vinderiros días.

Durante a presentación do presuposto indícase un escenario posible no que o colexio entraría en balance negativo nuns 3-4 mil euros a final de ano de darse unha serie de feitos posibles. Á vista desta situación prestaráse especial atención ao presuposto este ano e de ser necesario teranse que tomar as medidas necesarias para non quebrar o Colexio.

O presuposto para 2010 apróbase por asentimento.

4. Turno aberto.

A Presidenta abre o turno aberto co tema do servizo de visados recentemente inaugurado e da dubida de se se poderá ofrecer noutras comunidades autónomas sen colexio de Eqs (consulta que está neste momento en máns da Asesoría Xurídica).

Unha colexiada interven para agradecer expresamente á XG polo seu traballo. Na súa intervención esta colexiada pregunta sobre a posibilidade de utilizar ferramentas web2.0 e redes sociais como Facebook coa fin de atinguir unha maior cohesión entre EQs e alcance das comunicacións entre o colectivo. A Presidenta responde que o tema fora aberto no pasado e que a XG decidira non facelo no nome do COEQGa, membros da XG indican que existen outras vías posible de facer usa desta ferramenta para axudar ás fins do colexio e o tema explorárase máis profundamente. O Vicepresidente suxire propor o uso de Facebook como ferramenta á AGaEQ.

Noutro orde de cousas esta colexiada suxire vixiar a posibilidade de subvencións para persoal administrativo de apoio e ofrecese a informar ao Colexio neste tema. APresidenta agradece o ofrecemento e indica que a XG vixia estas subvencións moi de cerca por medio da vicesecretaria.

O Secretario fai unha reflexión sobre o momento crítico no que se atopa o Colexio co servizo de visados recen inaugurado e os riscos de entrada en balance negativo de non entrar ingresos suficientes no 2010. Non hai moita información sobre número de visados que se poderían recibir en 2010 xa que se percibe unha posible inercia que ocorrerá entre as emoresas en continuar obtendo os seus visados onde o veñen facendo. O Vicepresidente indica a conveniencia de facer una labor "comercial" entre as empresas de enxeñería para publicitar o servizo visados. Unha colexiada indica que a situación económica reduce o número de proxectos e posiblemente o de libros de incidencias demandados.

O Vicepresidente indica que a vía dos cursos de formación pode ser unha boa fonte de ingresos para o Colexio.

Concluindo a Presidenta aproveitou a oportunidade para resaltar o bon facer de todos pero en particular do traballo desenvolvido por algúns novos membros da XG no desenvolvemento dos novos servizo de visados, libros de incidencias, revista etc..

Deste xeito sen intervencións adicionais no turno aberto e tras abordar todos os puntos da orde do día levántase a sesión as 19.59 h.

O Secretario:



Jorge Rodríguez Rodríguez

ANEXO I.

Listado de asistentes: Assembleia Xeral Ordinaria 06/02/2010

Número colexiado	Iniciais
1	AHQ
2	ISM
3	JRR
5	MCA
7	ACI
8	MCI
9	JGV
11	AMI
101	SIP
102	LVO
139	IGG
162	ARL
165	LSR
176	APG
183	MTT

COEQGd

ANEXO II.
Presentación informes da presidenta



Asamblea General Ordinaria

6 Febrero 2010

Informes de la Presidenta
Almudena Hospido



Colexio Oficial de
Enxeñeiras e Enxeñeiros
Químicos de Galicia

Resumen de Actividades – Año 2009 (1/2)



- Contratación de la **Asesoría Jurídica**
- Contratación del **Seguro de Responsabilidad Civil**
- **Libros de Incidencias** de Seguridad y Salud en Obras
- **Visados** de Proyectos
- Bolsa de empleo (boletín semanal) = 296 ofertas
- Empleo público
 - Reunión con el *Subdirector Xeral de Administración Industrial*
 - Solicitud de inclusión: Convocatoria INGACAL
 - Solicitud e inclusión: Convocatoria CIS-Madeira
 - Solicitud de inclusión: Convocatoria INEGA
- Recurso contra resolución Carné Instalador de gas

Resumen de Actividades – Año 2009 (2/2)



- Edición de dípticos (gallego&castellano)
- Dos números de la revista del COEQGa
- Convenios con condiciones preferentes
AGaEQ, CODDIQ, USC, ISA-USC, Díaz de Santos, Caldaria Hoteles, Revista “Química e Industria”, ...
- Lanzamiento de la web: www.coeqga.es
- Solicitud de Subvención (difusión de estudios e investigaciones en materias relacionadas con las mujeres): *“Estereotipos de género en el ámbito de la ciencia y de la tecnología. Visión desde la Ingeniería Química”*
- Respuesta a consulta Ministerio Interior: Orden Reglamento Explosivos
- Creación y consultas: Comisión Técnica

Ideas de Actividades para el Año 2010

- IQs en la Administración Pública
- Más convenios con condiciones preferentes
- Cursos de Formación
- Ley de Protección de Datos
- Carnets de instalador y Peritajes
- Modificación Estatutos: Ada
- Código deontológico
- Co-organización del XIII Congreso Nacional de IQ

<http://madrid2010.feiq.es/>



Congreso Nacional de Ingeniería Química
CNIQMadrid2010

Inicio
Programa
Fechas
Temática
Ponentes

Sede
Inscripción
Alojamiento
Organización
Contacto



Los CNIQ siguen creciendo y madurando de la misma manera que lo hacen los jóvenes Ingenieros que los promueven. Los días 18, 19 y 20 de Noviembre son la fecha escogida para este XIII CNIQ que se celebrará en la Escuela Técnica Superior de Ingenieros Industriales de la Universidad Politécnica de Madrid y pretende congrega a empresas, Universidades, Escuelas, profesionales y estudiantes de Ingeniería Química.


Comunicaciones

Está abierto el plazo para el envío de comunicaciones. Envía tu contribución al XIII CNIQ aquí: [Comunicaciones](#)

Organiza



Coorganiza



Resumen de Colaboraciones – Año 2009 y ...




- Participación activa en la **CODDIQ**
- Participación activa en el XII Congreso Nacional de IQ
- Colaboración activa y continuada con los **Colegios de IQ**:
 - 1ª reunión en Mayo de 2009 en Valencia
 - 2ª reunión en Octubre de 2009 en Santiago de Compostela

Actividades Conjuntas:

- ⇒ Reclamación empleo: Plazas en otras CCAA
- ⇒ Cuestionario sobre reservas de actividad y obligaciones de colegiación (*MEH - Ley sobre libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio*)
- ⇒ Creación del Consejo Nacional de Colegios de IQ

ANEXO III.
Presentación informes económicos



COEQG a

Balance económico 2009 y Previsión 2010

- Ingresos
- Gastos
- Remanente
- Previsión 2010

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Balance económico 2009 INGRESOS

Cuotas colegiados 2009	13.138,10 €
Donación AGaEQ	1.071,30 €
Fondo (despacho)	252,90 €
Fondo Lápicos4	48,34 €
Fondo Imprenta Plana	157,41€
ETSE (co-financiación administrativo)	4.462,19 €
CODDIQ (co-financiación administrativo)	1.593,38 €
Intereses	0,40 €
TOTAL	20.724,02 €

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Balance económico 2009 GASTOS

Administrativo	14.380,69 € ¹
Web + dominio	261,63 € ²
Reuniones + congresos	399,26 €
Anuncios en prensa	197,20 €
Navidad (lotería, postales, etc.)	300,00 €
Libros de incidencias	951,20 €
Papelería + correos + dísticos	467,51 €
Comisiones bancarias	165,48
TOTAL	17.122,97 €

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Balance anual 2009 Remanente

INGRESOS	20.724,02 €
GASTOS	17.122,97 €
REMANENTE	3.601,05 €

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Previsión 2010

INGRESOS

Cuotas profesionales	11.480 €
20 cuotas nuevas	1.300 €
Visados y libros de incidencias	? €
CODDIQ/ETSE	2.280 € / 6.850 €
Subvención	9.000 €??
Remanente 2009	3.601 €
TOTAL	34.511 €

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Previsión 2010

GASTOS

Pendientes 2009	823 €
Administrativo	≈ 20.000 €
Seguro responsabilidad civil	1000 €
Convenio ISA-USC	400 €
Abogado	4.176 €
Local Asambleas	400 €
Otros gastos	1.500 €
TOTAL	≈ 28.300 €

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑERIAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA - COEQGa

Previsión 2010

CASO 1: "Optimista"

INGRESOS	34.500 €
GASTOS	28.300 €
REMANENTE	6.200 €

CASO 2: "Pesimista"

INGRESOS	24.850 €
GASTOS	28.300 €
REMANENTE	-3.450 €